

PLAN DIXITAL



CPR PLURILINGÜE KARBO

[Versión 1.0 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CPR Plurilingüe KARBO

Dirección: C/ Ramón Cabanilas, nº 2. 15007 A Coruña

Teléfono: 981236179

E-mail: cpr.karbo@edu.xunta.es

Web: <https://www.colexio-karbo.com>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A finais dos 60 nace o Colexio Karbo coa misión de contribuír á mellora e ao avance da sociedade mediante a procura da excelencia académica e profesional, a innovación nos seus proxectos educativos e a formación dos seus alumnos/as en valores e virtudes.

Actualmente impártense máis de 12 programas educativos, que abarcan desde a Educación Infantil, a Educación Primaria e Formación Profesional tanto de Grao Medio como de Grao Superior.

Está ubicado en A Coruña, na zona dos Mallos - Estación, con un barrio moi poboado e moita diversidade de xente é debido á proximidade da Estación de Ferrocarrís e da Estación de Autobuses.

Os nosos alumnos e alumnas proveñen de familias de traballadores, non só da propia cidade senón tamén do extrarradio e de emigrantes cunha capacidade económica media - baixa, dato que temos en conta para levar a cabo unha educación na pluralidade, diversidade e na tolerancia sen esquecer a atención a individualidade, sempre e cando sexa preciso.

No proxecto do Colexio Karbo a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e a formación das novas xeracións. O Proxecto Dixital contribúe ao establecemento e implementación dalgunhas liñas de acción e estratexias que axudan á integración efectiva da tecnoloxía.

O Plan Dixital débese acoplar ao Proxecto Educativo do Centro, non pode verse de forma aislada, ambos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

O uso das tecnoloxías e unha ferramenta cotidiá nas actividades de ensinanza e aprendizaxe no noso Centro.

No modelo de ensino-aprendizaxe atendemos a diversidade tanto no alumnado como na práctica docente e na selección de contidos; neste proceso facemos fincapé no uso das Tics, para que os nosos rapaces sexan capaces de identificar, procurar, recoñecer, Localizar, pescudar información de maneira segura, responsabilizándose do seu uso ético.

No ano 2009 comenzo o desenvolvemento do Plan Escola 2.0 iniciamos, o Proxecto Abalar no curso 2010 dirixidas ao fomento da cultura dixital, este non se puido continuar por unha incidencia cos equipos e a discontínitude do mesmo en favor de Edisgal.

Durante os últimos anos utilizáronse proxectos educativos como: Digicraft e o uso de plataformas de aprendizaxe educativas, concretamente: Google Classroom, Google Workspace, Microsoft MSDN, e outras plataformas de uso libre. Tamen realizouse a implantación no uso da tableta dixital a partir de 3º de Primaria e incorporación de pantallas interactivas en todos os niveis.

A contribución deste Plan á Programación Xeral para levar a cabo accións orientadas a conseguir o uso intensivo das TIC, non só dende o punto de vista meramente técnico, senón tamén dende o emprego comunicativo e educativo destas, para a formación integral dos estudantes.

1.3. Breve xustificación do mesmo

As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

O novo currículo de educación introduce un marco legal ao uso das TIC, terase en conta a seguinte normativa legal:

- *A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como obxectivo da Educación Primaria "Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran".*
- *O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que "os centros docentes elaborarán e aplicarán un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación (artigo 6.5).*
- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do PD desenvólveo o equipo de dinamización do Plan Dixital, constituído polo Director coordinador do mesmo, a xefa de estudos e unha profesora do centro, se conto coa asesoría do CFR para formación de grupos de traballo e o apoio e orientación do coordinador ADIX a través de reunións presenciais durante a elaboración do mesmo.

Como punto de partida no primeiro trimestre realizar un análise da situación inicial do centro que levo a cabo coa ferramenta SELFIE, para coñecer o estado do noso centro en relación á dixitalización.

En el segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro educativo ten a disposición dos nosos alumnos e mestres os seguintes medios tecnolóxicos:

- *Dúas aulas de informática dotadas de ordenadores, ademais, todos istos equipos están interconectados entre si formado o que se coñece co nome de rede local, utilizado para ello tanto medios físicos coma medios inalámbricos.*
- *Pantallas interactivas en cada unha das aulas.*
- *Medios por aulas: O mestre ten en cada aula un ordenador conectado a internet para favorecer e integrar os uso das TICS na aula a través de exercicios interactivos por tema e asignatura e o uso inagotable dos recursos que nos brinda Internet.*
- *Os alumnos a partir de terceiro de primaria dispoñen dunha tableta dixital como complemento do material bibliográfico*
- *O centro dispón ademais da páxina web (www.colexio-karbo.com) na que cada profesor dispón dunha conta de correo electrónico onde poden consultar o seu correo, os datos relacionados con cada curso. Os alumnos e pais que o dexesen poden participar activamente na vida do centro xa que se lles otorga unha conta de correo onde poden consultar os deberes, as datas dos exámenes, ver fotos e videos dos alumnos, chats, consultar as derradeiras novas, consultar as datas e visitas previstas, un foro onde se pode tratar diversos temas, biblioteca e solicitude de préstamos de libros, dicionarios en galego, ingles, e castelán, enquisas sobre distintos temas onde se pode expresar a opinión de cada un, concursos de lectura e fotografías por parte dos nosos alumnos, anuncios de interese para os nosos alumnos, características e requisitos para os distintos niveles educativos que se imparten no noso centro. Ademais o centro tamén facilita diversos enlaces a páxinas de informática, música, xogos ,idioma, museos, espectáculos, ciencia, linguaxe, televisión, cultura, fundación e organismos oficiais.*

Temos tamén unha plataforma,, tamén dispón de un proxector, a conexión a internet cun ancho de banda de 1,8 Gb, ademais o noso centro ten la licencia de Microsoft Academy Alliance e se lles proporciona software legal de Microsoft a nosos alumnos, pais e nais.

Tamén estamos presentes nas redes sociais como Facebook, Instagram e Twitter.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4.2			5	
	Profesorado	3			4.3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7			4.8	
	Profesorado	3			4.5	
	Alumnado	3.5			4.2	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	5			4.8	
	Profesorado	4.4			4.6	
	Alumnado	4.5			4.6	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3			4.8	
	Profesorado	2.7			4.3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5			5	
	Profesorado	4.7			4.7	
	Alumnado				4.8	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.6			4.8	
	Profesorado	4.2			4.5	
	Alumnado	4.3			4.3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.3			4.7	
	Profesorado	3.5			3.4	
	Alumnado				4.3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.4			4.9	
	Profesorado	4.3			5	
	Alumnado	4.5			4.6	

Test CDD: Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que	N.º profesorado total	% participación

	participa		
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>19</u>	<u>78.9</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>114.6</u>	<u>Experto/a B2</u>	<u>76.4</u>	<u>Integrador/a B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>70</u>	<u>Integrador/a B1</u>	<u>68.2</u>	<u>Integrador/a B1</u>
Inf	<u>135.3</u>	<u>Lider C1</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a B1</u>
Pri	<u>116.3</u>	<u>Experto/a B2</u>	<u>80,3</u>	<u>Integrador/a B1</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>2</u>	<u>13.3</u>
B1	<u>2</u>	<u>13.3</u>
B2	<u>5</u>	<u>33.3</u>
C1	<u>5</u>	<u>33.3</u>
C2	<u>1</u>	<u>6.7</u>
TOTAL	<u>15</u>	<u>99.9</u>

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das Liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMIENTO	Rede WIFI estable, nivel de protección de datos alta, asistencia técnica rápida	Estratexia dixital mellorable
	PERSOAL DOCENTE	Actitude positiva co uso das tecnoloxías dixitais. Adecuada competencia dixital	Baixo desenvolvemento profesional continuo en formación dixital, falta de equipamento tecnolóxico do profesorado. Profesorado da FP non fomenta o intercambio de información nos traballos dos alumnos
	PERSOAL NON DOCENTE	Implicado no uso da tecnoloxía Dixitalización dos procesos administrativos	Competencia dixital mellorable
	ALUMNADO	Motivación do alumnado para traballar con tecnoloxías dixitais	Competencia dixital mellorable
	FAMILIAS	Gran implicación das familias	Baixos coñecementos da contorna dixital
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Implicación do equipo directivo , existencia dunha estratexia dixital	Estratexia dixital mellorable

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Falta de apoio da administración cos centros concertados en materia dixital
	LEXISLACIÓN		Non axustada aos recursos económicos para a adquisición e actualización de equipos dixitais
	CONTORNA	Acceso do alumnado a recursos dixitais	Baixa competencia dixital da familia. Baixo uso das tecnoloxías polos alumnos fose do centro
	ANPA	Disposición a colaborar no desenvolvemento dixital	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarios. As táboas seguintes recollen esta información:

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos							
OBXECTIVO 1 (1):	Fomentar o uso das ferramentas dixitais do centro					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesores utilizan de maneira deficiente as ferramentas Google workspace (Instrumento de medida:enquisa ao profesorado						
Valor de partida (3)	0 MOOC creados e compartidos na páxina virtual do centro						
Valor previsto e data (4)	3 MOOC creados e compartidos na páxina virtual do centro						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1:Crear MOOC para estratexias didácticas	Coordinador TIC	28/10/2022	Internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2:					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3:					Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: D. Desenvolvo profesional continuo						
OBXECTIVO 1 (1):	Mellora da Competencia Dixital Docente					
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de cursos realizados o ano 2021 (Instrumento: Enquisa ao profesorado participante no PFPP)					
Valor de partida (3)	70% do profesorado usa as tic de maneira eficaz					
Valor previsto e data (4)	90% do profesorado utilíceas de maneira eficaz					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Elaborar un plan de formación de competencia dixital, con peticións formativas.	Xefa de estudos	03/10/2023	convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Executar plan de formación	Xefa de estudos	31/05/2023	Aulas de informáticas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": B. Colaboración e redes						
OBXECTIVO 1 (1):	Optimizar a páxina Web do centro.					
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe das familias ao acceso privado da intranet do centro (Instrumento: Rexistro da actividade)					
Valor de partida (3)	25% da comunidade educativa utilízao					
Valor previsto e data (4)	75% da comunidade educativa					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Actualizar as canles de información	Coordinador TIC	30/09/2022	Internet Software		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Talleres formativos ás familias sobre a páx. web recursos e o seu manexo	Coordinador TIC	05/09/2022	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste apartado descríbense as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas do noso centro educativo. Cabe sinalar que estas melloras se realizarían no suposto de contar co orzamento preciso por parte da administración educativa.

En canto a infraestrutura dixital:

- No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no seguinte equipamento tecnolóxico existente.*
- Equipos para uso na sala de profesorado: sería preciso a actualización dun dos equipos de sobremesa.*

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

***Avaliación procesual:** será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de acción. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.*

***Avaliación final:** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.*

5. Difusión do plan

Enviarase un enlace ás familias co documento para facelas coñecedoras da súa creación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.